

**CAMBIEMOS O MUNDO
COMEZANDO POR NÓS MESM@S!**

**PROPOSTA DE PROTOCOLO DE
COMUNICACIÓN NON SEXISTA**



PARA QUE ?

En primeiro lugar para pertencer a unha sociedade democrática que promove a igualdade entre mulleres e homes e que conta cunha lexislación de obrigado cumprimento ao respecto, con epígrafes que se refiren á linguaxe inclusiva tanto a nivel galego (*Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade entre mulleres e homes*), como a nivel estatal (*Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes*).

Como colexiadas e colexiados debemos atender a esta cuestión por coherencia cun dos principios do noso colexio profesional onde se enzalza a perspectiva de xénero, e tamén como profesionais da educación social cun código deontolóxico no que se recollen os seguintes principios reitores:

1. Respecto aos dereitos humanos
2. Respecto aos suxeitos da acción socioeducativa
3. Xustiza social
4. Profesionalidade
5. Acción socioeducativa
6. Autonomía profesional
7. Coherencia institucional
8. Información responsable e confidencialidade
9. Solidariedade profesional
10. Participación comunitaria

É un exercicio de responsabilidade e profesionalidade cumprir con estes principios, prestando especial atención aos dous primeiros. En referencia aos suxeitos da acción socioeducativa, o artigo 1 di o seguinte: *"a súa relación coa persoa, gardará un trato igualitario sen discriminación por razón de sexo, idade, relixión, ideoloxía, etnia, idioma ou calquera outra diferenza."* E no seu artigo 2: *"Nas súas accións socioeducativas evitará o uso de métodos e técnicas que atenten contra a dignidade das persoas e o uso de nocións e termos que doadamente poidan xerar etiquetas desvalorizadoras e discriminatorias."* Ademais, o artigo 27 refire a importante tarefa de contribuír a xerar unha conciencia crítica sobre os problemas sociais e as súas causas.

Partimos de que un dos grandes problemas sociais é a desigualdade entre os xéneros perpetuada polos múltiples mecanismos dun sistema patriarcal que ten como consecuencia principal a opresión das mulleres na nosa sociedade, moitas veces disfrazada ou diluída para que non sexamos conscientes desta realidade que afecta ás nosas vidas.

A violencia de xénero maniféstase en infinidade de ámbitos na nosa sociedade: discriminación e desigualdade no ámbito laboral, na educación, no acceso aos recursos, violencia

institucional, violencia sexual, psicolóxica, estética e física; aínda que gran parte da poboación só identifica esta última -a física- como violencia de xénero, establecendo un macabro contador de mulleres asasinadas que pretende resumir toda a desigualdade e inxustiza existente.

Aínda non existe a conciencia de que todos os mecanismos sociais que oprimen as mulleres con diferentes grados de sutileza e manipulación son os que dunha maneira ou outra interveñen nos seus proxectos vitais, trazando en maior ou menor medida, os nosos camiños con obstáculos e direccións prohibidas pero que a sociedade nos vende como eleccións e tomas de decisións propias.

É difícil ver, é difícil escoitar, ante a maraña de pistas falsas e de ruído que se fai para que as mulleres sigamos para adiante sen preguntar. Fai falla subir a unha árbore ben alta para ver ben o camiño, recoñecer as nosas compañeiras, buscar alianzas, crear redes, atopar solucións prácticas... Todo para crear un mundo máis xusto para as mulleres, pero tamén para os homes que tamén levan anos beneficiándose dos cambios sociais promovidos polos movementos feministas.

Unha vez que temos claro que a desigualdade entre os xéneros é un grave problema da nosa sociedade, regresamos ao noso código deontolóxico que nos insta a xerar unha conciencia crítica sobre as problemáticas sociais, e, polo tanto, sobre a discriminación contra as mulleres. Pero como ben sabemos, para promover esta conciencia crítica na sociedade debemos primeiro xerala en nós mesmas/os.

A educación social ten que asumir este compromiso de contribuír a loita contra a desigualdade favorecendo os procesos críticos e reflexivos na construción das identidades individuais e colectivas. Para asumir este compromiso é preciso que as educadoras e os educadores sociais recoñezamos o problema, falemos del, nos formemos e adquiramos unha sensibilidade e conciencia crítica sobre a existencia das discriminacións e desigualdade entre os xéneros. A obriga da reciclaxe profesional por parte das educadoras e dos educadores sociais queda reflectida nos **Estatutos do Ceeg** dentro do *Capítulo IV: Exercicio Profesional. Principios Básicos*, no seu artigo 22 titulado precisamente *A formación continua: "A mellora constante na preparación e capacidade profesional mediante o compromiso persoal dunha formación continua tanto técnica como teórica"*

Entón chegamos á conclusión, de que non se trata dunha opción individual como profesionais, non se trata de escoller unha corrente pedagóxica ou outra, ou dun campo das ciencias ou outro: trátase do exercicio dun deber e responsabilidade para exercer ben a nosa profesión e cumprir o noso código deontolóxico e cos nosos estatutos.

COMO?

Como diría un cociñeiro famoso (por que non haberá tantas cociñeiras famosas?) ca “deconstrución”. Como ben sabemos ou deberíamos saber, non polo mero feito de ser educadoras e educadores sociais estamos libres de ser persoas con prexuízos, con ideas preconcebidas, con actitudes e comportamentos que moitas veces incumpren os valores ou principios que perseguimos cas nosas accións socioeducativas. Somos persoas socializadas no sistema patriarcal, polo que tamén á nosa identidade foi fraguada con eses mecanismos que impuxeron tantas etiquetas; sendo a primeira de todas a do xénero, clasificando en dous caixóns ben diferenciados o que debe ser un home e o que debe ser unha muller. De seguro que a medida que fomos madurando, fomos capaces de poñer en tea de xuízo a realidade que se nos presentaban como obxectiva, e escoller o camiño profesional da educación social foi tamén crucial para facernos saír deste espellismo. Pero debemos continuar facendo esa labor de deconstrución para mellorar como persoas e coma profesionais. Sen caer no católico sentimento de culpa, podemos comezar a cuestionarnos os nosos propios comportamentos e accións en canto a igualdade de xénero para decatarnos se estamos a reproducir estereotipos e roles sexistas tanto na nosa vida persoal e profesional.

O Ceesg xa comezou fai tempo con esta labor autoformativa e no ano 2011 elabórase o “Decálogo de boas prácticas en educación para a igualdade”, que no segundo punto pon: “Facer un uso non sexista da nosa linguaxe verbal e escrita”. Queda entón máis que xustifico que unha das cuestións principais para comezarnos a autoanalizar e cuestionarnos a reprodución de estereotipos e roles de xénero é a linguaxe que utilizamos cando nos comunicamos.



POR QUE É IMPORTANTE A LINGUAXE NA REPRODUCCIÓN DA DESIGUALDADE ENTRE OS SEXOS?

“Es sabido que quien tiene el poder es quien da nombres a las cosas (y a las personas)”

(Celia Amorós)

A linguaxe é un axente de socialización que, ao igual que a educación, os medios de comunicación, a cultura ou a familia, foi e é utilizado polos grupos de poder como mecanismo de control para perpetuar unha determinada orde social. As decisións sobre a gramática das linguas foron, e seguen a ser, tomadas por grupos de poder conformados case na súa totalidade por homes. É por isto que a linguaxe que utilizamos segue a presentar importantes trazos sexistas e androcéntricos. Ben é certo que moitas veces estes usos sexistas da linguaxe son realizados de maneira inconsciente e non intencionada, razón de máis pola que debemos facer unha análise crítica para modificalos. A intención non é outra que evitar reproducir a discriminación e contribuír á creación dunha sociedade máis igualitaria entre os xéneros.

Se non prestamos atención e coidado á forma que temos de comunicarnos, de seguro que estaremos a facer en maior ou menor medida un uso sexista da linguaxe, aínda que non sexamos conscientes e non sexa a nosa intención. Deste xeito, contribuiremos a invisibilizar ás mulleres e as súas necesidades, transmitindo unha serie de actitudes e comportamentos que manteñen en situación de inferioridade e subordinación ao sexo feminino. O uso sexista da linguaxe discrimina ás mulleres e contribúe á existencia da violencia de xénero en todas as súas formas na nosa sociedade.

RECOMENDACIÓN PARA UN USO NON SEXISTA DA LINGUAXE

ANTES DE FALAR OU ESCRIBIR: Toma un tempo para pensar e analizar criticamente o que vas dicir e se a forma en que o vas facer invisibiliza ou discrimina ás mulleres e/ou ás nenas.

ESTRATEGIAS CONTRA O SEXISMO GRAMATICAL

Evitar utilizar os substantivos masculinos como xénericos:

ASÍ NON	ASÍ SÍ	ESTRATEGIA UTILIZADA
"Os profesores..."	"O equipo docente..."	Substituír o substantivo masculino por un termo realmente xenérico
"Hoxe celébrase o Día Do Neno"	"Hoxe celébrase o Día da Infancia"	Substitución por un substantivo abstracto
"Os reitores das universidades..."	"As reitorías das universidades..."	Substitución por un substantivo metonímico que faga referencia a un cargo, institución, actividade...
"Os educadores sociais colexiados"	"As educadoras e os educadores sociais colexiados"	Uso dos dous xéneros gramaticais: as dobles formas
"O solicitante..."	"A/o solicitante"	Uso da barra (/) como recurso gráfico
"Veciños, apuntádevos ao obradoiro de manualidades!" "HOXE CONTACTOS PARA NENOS DE 4 A 7 ANOS"	"Veciñxs apuntádevos ao obradoiro de manualidades!" "HOXE CONTACTOS PARA NEN@S DE 4 A 7 ANOS"	Utilización doutros recursos gráficos como @ ou a x ou o * para facer referencia aos dous sexos. ATENCIÓN: Recoméndase a utilización destes recursos unicamente en contextos informais ou para un ton desenfadado, como por exemplo nas redes sociais ou en material publicitario.
"Marta é un membro do grupo de traballo de saúde do Ceesg"	"Marta é unha membra do grupo de traballo de saúde do Ceesg"	Neoloxismos: creación de novas palabras que ata entón non contaban co feminino ou con xenérico.
"Os que queiran participar na sesión de busca de emprego que cubran a inscrición"	"Quenes queiran participar na sesión de busca de emprego que cubran a inscrición"	Substituír un pronome sexado masculino "xenérico" ("os que", "algún", "ningún"...), por fórmulas non marcadas ("quen", "as persoas que", "alguén"...)

ESTRATEGIAS CONTRA O SEXISMO DISCURSIVO

Dicimos que un texto ou unha comunicación manifesta sexismo discursivo cando mantén unha posición ideolóxica sexista transmitindo mensaxes que discriminan as mulleres.

Para comprobar se un texto é sexista podemos facer o que se coñece como a “proba da inversión”, para o cal substituiremos o termo que ten a marca de xénero polo correspondente do xénero oposto. Se a frase perdeu o sentido ou comprobamos claramente que é ofensiva para un dos xéneros, teremos a proba de que ese texto é sexista. Por exemplo:

- “Nos programas de educación familiar **as nais** deben cumprir co proxecto acordado co equipo de servizos sociais para garantir o benestar das crianzas”

- “Nos programas de educación familiar **os pais** deben cumprir co proxecto acordado co equipo de servizos sociais para garantir o benestar das crianzas”

ASÍ NON	ASÍ SÍ	ESTRATEGIA UTILIZADA
“Os anciáns do barrio foron a clases de baile cas súas mulleres ao centro social”	“As persoas maiores do barrio foron a clases de baile cas súas parellas ao centro social”	Correxir o enfoque androcéntrico da nosa expresión.
“Os gañadores da ximcana de aventura terán un premio”	“As gañadoras ou gañadores da ximcana de aventura terán un premio”	Crear referentes femeninos.
“María: que boneca vas pedirlle aos Reis Magos?”	“María: que xoguete vas pedirlle aos Reis Magos?”	Romper estereotipos
“A princesa, que era moi boa e sempre se portaba ben, e o príncipe que era moi valente...”	“A princesa e o príncipe eran moi valentes...”	Non utilizar diferentes cualidades para mulleres/penas e para homes/nenos
“Anxo!, que vergoña, á túa idade e chorando como unha nena!”	“Anxo, non chores”	Non utilizar o xénero feminino para descalificar
“Dos trinta alumnos deste obradoiro de emprego, dez mulleres”	“No obradoiro de emprego participan dez mulleres e vinte homes”	Non presentar as mulleres como un subsidiarias dos homes ou como un colectivo aparte.
“Para as entrevistas de traballo as mulleres é mellor que levedes falda e zapatos de tacón”	“Para as entrevistas de traballo hai que coidar a presenza e o aseo persoal”	Non facer alusión a cualidades relacionadas ca estética cando falamos das mulleres.
“Día Internacional da Muller”	“Día Internacional das Mulleres”	Procurar utilizar o feminino plural “mulleres” ou individualizar (“cada muller”, “unha muller”...). Hai que ter en conta que nos referimos a un colectivo diverso.

BIBLIOGRAFÍA

Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade entre mulleres e homes

Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Código Deontolóxico do educador e da educadora social. Documentos Profesionalizadores. Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia. 2008

Decreto 203/2006, do 30 de novembro, polo que se aproban os estatutos do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.

Monográfico de Igualdade e Xénero. Galeduso. Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.

Decálogo de boas prácticas en educación para a igualdade. 2011

Manual de linguaxe inclusiva no ámbito universitario. Universidade de Vigo. Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo. 2012

Material didáctico do Curso de Sensibilización en Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes. Secretaría Virtual de Igualdade. Instituto da Muller. Goberno de España. 2012.

MÁIS INFORMACIÓN:

fiadeiras@ceesg.org

	Coordinación	Isabel Taboada Mougán
		Eva Bastón Martínez
		Noelia Darriba García
		Natalia Domínguez Galán
		Tania Merelas Iglesias
		Maite Sío DoCampo